



Renovación da Indulxencia Plenaria Cotiá e Perpetua

- Extracto do texto da Penitenciaría Apostólica concedendo a renovación do privilexio
- Texto do sr. Bispo, Mons. Alfonso Carrasco Rouco
- Síntese histórica
- A indulxencia ou o perdón de Lugo, por J. Mario Vázquez Carballo



Día 10 de outubro de 2016

A **PENITENCIARÍA APOSTÓLICA** para que os fieis de Lugo sexan animados ao coñecemento e ao amor do Inefable Misterio de Fe e de aí saquen froitos máis abundantes sempre espirituais, condescendendo co documento de petición, coa autoridade dada a ela polo Sumo Pontífice, polo Tesouro dos méritos de Cristo, da Virxe María Nai de Deus e de todos os Santos, concede misericordiosamente no Señor aos fieis cristiáns verdadeiramente arrependidos **Indulxencia plenaria** e remisión de todos os pecados, que se pode gañar **calquera día** na Catedral Basílica de Lugo a condición de que, cumpridas debidamente as condicións acostumadas (Confesión sacramental, Comunión eucarística e oración polas intencións do Sumo Pontífice) visiten piadosamente o Santísimo Sacramento exposto publicamente co fin de adoralo durante un adecuado espazo de tempo, concluíndo coa Oración Dominical e o Símbolo da Fe.

E para que resulte máis fácil o acceso para conseguir o perdón divino polas chaves da Igrexa mediante a caridade pastoral, esta Penitenciaría roga encarecidamente que o Cóengo Penitenciario, os Cóengos e o Clero da Catedral Basílica se presten con ánimo xeneroso á celebración da penitencia e administren a miúdo a Sagrada Comunión aos enfermos.

Polo presente [decreto] valedoiro a **perpetuidade**, sen ningunha expedición de Letras Apostólicas en forma breve. Sen que nada obste en contrario.

Texto do sr. Bispo, Mons. Alfonso Carrasco Rouco

Queremos dar grazas a Xesús Sacramentado, a quen adoramos presente baixo as especies eucarísticas, polo don da indulxencia plenaria e cotiá, que poderá recibir aquí de novo quen lle rece de corazón, cumpridas as condicións habituais.

Este privilexio extraordinario foi outorgado pola Santa Sé á nosa Catedral Basílica de Lugo en honra ao culto solemne que se rende no noso Altar Maior ao Santísimo Sacramento.

Para iluminar algo este nexo profundo entre o perdón das penas merecidas –a indulxencia– e o misterio da Eucaristía, quizá poida ser útil lembrar a historia do “bo ladrón”.

Naquel momento da Paixón non se ve só o choque co pecado, que provoca sufrimento e conduce a morte, senón tamén a plenitude da entrega calada de Xesucristo, que perdoa e promete xa “hoxe” o paraíso a quen recoñece a grandeza do amor escondido no seu sacrificio e pídelle con humildade ser salvado do mal e da morte.

Do Evanxeo segundo San Lucas:

O pobo estaba mirando, pero os maxistrados facíanlle acenos, dicindo: «A outros salvou; que se salve a si mesmo, se el é o Mesías de Deus, o Elixido». Burlábanse del tamén os soldados ... dicindo: «Se ti es o rei dos xudeus, sálvate a ti mesmo» ... Un dos malfeitores crucificados insultábao, dicindo: «Non es ti o Mesías? Sálvate a ti mesmo e a nós». Pero o outro, respondéndolle increpábao ... E dicía: «Xesús, acórdate de min cando chegues ao teu reino». Xesús díxolle: «En verdade dígoche: hoxe estarás comigo no paraíso». (Lc 23, 35-37.39.40.42)

Démoslle tamén nós agora grazas a Xesús Sacramentado e abramoslle con confianza os nosos corazóns. Quen nos deu ao seu Fillo, como non nos dará todo con El? (Rom 8,32).

+Alfonso Carrasco Rouco
Bispo de Lugo

Síntese histórica

O culto Eucarístico en Lugo e a Exposición permanente do Santísimo Sacramento no Altar Maior da Catedral desde tempo inmemorial están íntimamente ligados a concesión, no seu día, da indulxencia plenaria nesta Catedral.

- En 1860, o Papa Pío XI promulgou a seguinte bula: “Indulxencia plenaria todos os meses a todos os fieis que se confesasen, comulgasen e visitasen ao Santísimo Sacramento”.

- En 1867, o Bispo Mons. José Ríos Lamadrid, tras unha visita a Pío XI comunícalle ao cabido que en audiencia privada o Papa concedeu “indulxencia plenaria perpetua a todos os fieis que en calquera día do ano” comulgasen na Catedral de Lugo coas debidas disposicións.

- Este ano, 2016, o Bispo Mons. Alfonso Carrasco Rouco, presentou á Santa Sé a petición de renovar devandita indulxencia plenaria e foi concedida, como se ve no texto inicial deste boletín.

A indulxencia ou o perdón de Lugo

Os diocesanos e cidadáns de Lugo deberíamos celebrar con gran algarabía a graza do gran privilexio recibido. Aínda faltaban uns días para o día da clausura do Ano da Misericordia na Catedral, cando chegaba o noso Bispo de Roma cunha gran cesta de “pans e peixes” debaixo do brazo. O beneficio da graza da Indulxencia Plenaria cotiá e perpetua concedida, de novo, pola Santa Sé á Igrexa Catedral Basílica de Lugo non é un acontecemento menor. Se recentemente recibimos, con alegría, a declaración dos nosos camiños do Norte e Primitivo e das nosas catedrais (Lugo e Mondoñedo) como Patrimonio da Humanidade, non debería ser menos este plus espiritual que agora se engade ao xa recoñecido patrimonio inmaterial da humanidade. Aquí, nas rutas destes camiños xacobeos, na Cidade do Sacramento, no interior dunha fermosa Catedral onde está secularmente exposto día e noite o Señor sacramentado, aquí, pódese gañar a Indulxencia plenaria cotiá e perpetua.

É un gran milagre que me parece lexítimo comparar co relato evanxélico da multiplicación dos pans e os peixes. É unha dignación de Deus e da Igrexa para Lugo que, como católicos, e tamén como cidadáns, debemos agradecer, valorar e

aproveitar, primeiro espiritualmente e despois como consecuencia diso, cultural e turísticamente.

Espiritualmente, porque a Indulgencia é un gran don para todos nós. Ela vai unida inseparablemente aos sacramentos do Perdón e da Eucaristía, á comunión eucarística e, en consecuencia, á caridade, ás obras de misericordia, e á solidariedade cos máis necesitados. Porque a Eucaristía esíxenos proximidade cos que se atopan sós, enfermos, con fame e sede, explotados polas inxustizas, estranxeiros sen fogar, encarcerados que queren ser escoitados e refacer a súa vida...

A Indulgencia lévanos a experiencias de oración ante o Santísimo e á pregaria en comunión coas intencións do Sumo Pontífice. Experiencias de fe que sen dúbida son sanadoras para quen pola súa conduta ou pola súa forma de vida habitual están afastados da graza. Pénsese en quen delinquen habitualmente ou se alistan en grupos criminais, os promotores ou cómplices de corrupción, os que non conseguen romper cunha situación permanente de pecado grave facéndose dano a si mesmos e á convivencia social.

Lugo convértese así, por este beneficio, nun lugar privilexiado para deixarse tocar o corazón, para borrar a pegada negativa e a pena temporal que os pecados teñen nos nosos pensamentos e comportamentos. Hai accións tan terribles no ser humano que soamente se poden cancelar a través da solidariedade e da fraternidade en comunión coa Igrexa: isto é o que significa a indulgencia. Se polo perdón sacramental (ou polo menos o desexo deste se non é posible recibilo) Deus libéranos das consecuencias que para a eternidade terían os nosos pecados graves, a pena temporal que debemos satisfacer nesta vida ou no purgatorio cancélase polas indulgencias mercé á mediación da Igrexa e da comunión dos santos. Así, a Igrexa é capaz coa súa oración e a súa vida de saír ao encontro da debilidade duns coa santidad doutros. Vivir a Indulgencia significa pois, achegarse á misericordia do Pai coa certeza de que o seu perdón alcanza toda a vida do crente. Velaquí o sentido de solidariedade e responsabilidade da Igrexa na rehabilitación e sanación dos enfermos polo pecado. En conclusión, a Indulgencia é un favor que debemos acoller con gozo porque nos recorda que non hai un momento na nosa vida no que non podamos tomar un novo camiño. Cada vez que agora en diante, entremos polas portas da nosa Catedral, poderemos orar e cantar ao Amor dos amores coa certeza de que Deus sempre sae ao encontro daqueles que o buscan.

J. Mario Vázquez Carballo
Vicario Xeral